



## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL 2019**

#### **Artigo 1. Participación**

Poderán participar todos os establecementos comerciais e hostaleiros do Concello de Barbadás.

Para que o premio non quede deserto será imprescindible que exista un número mínimo de 10 establecementos participantes.

#### **Artigo 2. Valoración**

O tema a desenvolver xirará en torno ao ambiente do Nadal. Haberá total liberdade en canto á técnica e estilo. Valorarase a creatividade, orixinalidade, combinación de elementos e cores, iluminación e composición.

No caso dos establecementos hostaleiros que non dispoñen de escaparate, valorarase a decoración interior.

#### **Artigo 3. Inscricións**

Os impresos debidamente cumprimentados presentaranse por rexistro, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá, ou a través da Sede Electrónica dende o 12 de novembro ata o 22 de novembro de 2019 (ambos incluídos).

Os impresos poderán obterse, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá ou a través da páxina web do Concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)).

Unha vez presentada a folla de inscrición será preciso para formalizar a participación no concurso enviar unha foto do escaparate ou decoración interior, no seu caso, a dirección de correo electrónico [cet@barbadas.es](mailto:cet@barbadas.es) ata o día 4 de decembro de 2019 (incluído).

#### **Artigo 4. Votacións**

Na web do Concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)) habilitarase un formulario onde as persoas interesadas poderán votar telemáticamente, entre os días 9 e 20 de decembro de 2019.

Haberá dúas categorías: establecementos comerciais e hostalería.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

Unha vez se coñezan os gañadores do concurso, comunicaráselle formalmente os/as propietarios/as dos negocios e ademáis publicarase na web do Concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)).

### **Artigo 5. Premios**

Estableceranse os seguintes premios:

Un premio ao mellor escaparate de establecemento comercial de 250€.

Un premio ao mellor escaparate de establecemento de hostalería de 250€.

### **Artigo 6. Entrega de premios**

Será o día 23 de decembro nos establecementos gañadores.

**A participación no concurso suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.**

**O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.**

